

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE
DEBUXO

IES de Soutomaior

CURSO 2022-2023

ÍNDICE DA PROGRAMACIÓN	Páx.
1. Introducción e contextualización.	6
1.1 O departamento de debuxo: composición, horarios e materias impartidas	6
2. Marco legal	7
3. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	8
3.1 Obxectivos xerais de educación secundaria	8
3.2 Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave.	10
3.3 Perfil da competencia de conciencia y expresiones culturales	16
4. EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 4º ESO	21
4.1. Táboa: obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares.	21
4.2. Temporalización de contidos	31
4.3. Táboa de concreción dos estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución, relevancia e procedementos e instrumentos de avaliación.	35
5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA	32
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	32
7. Concreción dos elementos transversais DO CURSO	33
8. AVALIACIÓN NA ESO	35
8.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	35
8.2. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL	36
8.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, MEDIDAS DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN FINAL	37
ANEXO: ALGÚNS MODELOS DE RÚBRICAS DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS E DESTREZAS	40

9. BACHARELATO	44
9.1. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO	45
10. DEBUXO TÉCNICO	45
10.1. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA	45
11. DEBUXO TÉCNICO II	46
11.1. CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE POR CADA UNIDADE.	46
11.2. TEMPORALIZACIÓN	58
12. METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	58
13. AVALIACIÓN	59
13.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	59
13.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	59
13.3. MEDIDAS E ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN	61
13.4. AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA	61
13.5. MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR FALTAS DE ASISTENCIA	62
14. DEBUXO ARTÍSTICO	63
14.1. CONTRIBUCIÓN DO D.A. AOS OBXECTIVOS DA ETAPA	63
14.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	64
15. DEBUXO ARTÍSTICO II	67

15.1. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE POR CADA UNIDADE.	67
15.2. TEMPORALIZACIÓN	71
15.3. CONCRECIÓN DO GRADO MÍNIMO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	71
16. METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	72
17. AVALIACIÓN	74
17.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	74
17.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	75
17.3. MEDIDAS E ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN	77
17.4. AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA	78
17.5. MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR FALTAS DE ASISTENCIA	78
18. PLANS DE SEGUIMIENTO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA ESO E NO BACHARELATO	79
18.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	81
19. PROCEDEMENTOS DE ACREDITACIÓN DOS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR DTII OU DAII SEN TER CURSADO DT I OU DA I.	82
20. PROGRAMA DE ATENCIÓN O ALUMNADO REPETIDOR	83
21. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	83
22. TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC	84
23. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO	85
24. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN LECTOR	85

25. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN DE CONVIVENCIA	86
26. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES	86
27. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS	87
28. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN	88
29. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	89

1. INTRODUCCIÓN

A presente programación está deseñada para alumnos de educación secundaria e bacharelato do IES de Soutomaior, na parroquia de Santiago de Arcade, pertencente ao concello de Soutomaior.

Neste concello existen dous núcleos poboacionais principais:

Arcade, con características semiurbanas, a poboación está máis concentrada, sobre todo no núcleo urbano, organizado fisicamente arredor de tres estradas de moito tráfico.

Soutomaior, de carácter máis rural (capitalidade do municipio), ten unha poboación dispersa, agrupada en pequenos barrios e lugares bastante separados: Aranza, As Cortellas, A Pena, Moreira, Alxán, O Rial, Lourido, O Val, O Sobral, Comboa, Vela, Romariz, A Pedreira e A Montesiña.

O Instituto atende tamén a alumnado da zona sur do concello de Pontevedra (Pontesampaio, Acevedo, Vilar, Canicouva), e alumnado para bacharelato do concello de Vilaboa.

O centro situado entre Vigo (a 24 kms) e Pontevedra (a 11 kms) é claramente de carácter periurbano o que motivou nos últimos anos un importante incremento da poboación que traballa nesas cidades. Con todo, Arcade é unha poboación con identidade propia, con recursos en ámbitos como o lecer, asociacionismo, etc..., á vez que actúa como referente económico para as aldeas limítrofes.

A maior parte do alumnado é de familias de clase media ou media-baixa e é de destacar a presenza de alumnado de orixe marroquí.

1.1. O DEPARTAMENTO DE DEBUXO: COMPOSICIÓN, HORARIOS E MATERIAS IMPARTIDAS

O departamento de Debuxo no curso 2022-2023 está constituído por César Manuel Iglesias Fernández e a profesora Ana Aguiar Hormías que actúa como xefa de departamento.

A hora de reunión do Departamento é os martes as 18:15 h.

O reparto por cursos e materias é o seguinte:

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	1º da ESO	A	César Manuel Iglesias Fernández
		B	César Manuel Iglesias Fernández
		C	César Manuel Iglesias Fernández
	3º da ESO	A	Ana Aguiar Hormías
		B	Ana Aguiar Hormías
		C	Ana Aguiar Hormías
		D	Ana Aguiar Hormías
		E	Ana Aguiar Hormías
	4º da ESO	A e B	Ana Aguiar Hormías
	Debuxo Técnico I	1º Bach	A
Debuxo Técnico II	2º Bach	A	Ana Aguiar Hormías
Debuxo Artístico II	2º Bach	A e B	Ana Aguiar Hormías

2. Marco legal.

Esta programación foi elaborada de acordo coas seguintes disposicións legais:

1. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que modifica a Lei Orgánica de Educación 2/2006, de 3 de maio (LOE).
2. REAL DECRETO 1105/2014, do 26 de decembro, por lo que establécese o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. (BOE de 3 de xaneiro)
3. Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
4. Decreto 86/2015, do 25 de xuño que establece o currículo da educación secundaria

obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
7. ORDEN de 8 de septiembre de 2021 por la que se desarrolla el Decreto 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
8. ORDEN de 20 de mayo de 2022 por la que se aprueba el calendario escolar para el curso 2022/23 en los centros docentes sostenidos con fondos públicos en la Comunidad Autónoma de Galicia.
9. Resolución de 26 de mayo de 2022, de la Secretaría General de Educación y Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones para el desarrollo de las enseñanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria y bachillerato en el curso académico 2022-2023.
10. Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

ASPECTOS XERAIS

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIAS CLAVES

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Unha competencia básica é unha combinación de destrezas, coñecementos e actitudes adecuadas ao contexto. Son competencias básicas aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar. As competencias básicas non son aprendizaxes mínimas comúns, realmente trátase de propostas de aprendizaxe máis amplas que deben orientar a ensinanza coa intención de identificar aqueles contidos e criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible.

A incorporación destas competencias ao currículo educativo procura orientar as aprendizaxes para que os alumnos as integren, poñan en relación os distintos tipos de contidos, os empreguen de maneira efectiva cando sexan necesarios e sexan capaces de aplicalos en diferentes situacións e contextos.

Descrición do modelo competencial.

Na descrición do modelo competencial, incluímos o marco de descritores competenciales xa que supoñen unha reflexión e reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o seu adestramento. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso debemos xerar tarefas de aprendizaxe onde permitamos aos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable para iso cada unha rompe en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre 3 e 6 indicadores por competencia.

Cada indicador segue sendo aínda demasiado xeral polo que o rompemos no que chamamos descritores da competencia que «describen» ao alumno competente neste ámbito. Por cada indicador atoparemos entre 3 e 6 descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descriptor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e objetivable e indícanos que debemos observar nas actividades deseñadas para o seu adestramento.

Para o seu desenvolvemento partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os elementos transversais, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendimento e a educación cívica e constitucional traballarase dende todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra banda, o desenvolvemento de valores presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse dende uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente, levarannos a traballar dende as diferentes potencialidades que posúen, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual

Na área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área é unha oportunidade para utilizar a linguaxe simbólica, así como o afondamento en aspectos espaciais da realidade e a súa representación gráfica. Tamén se adestran

procedementos relacionados co método científico, como son a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise.

Os descritores que, fundamentalmente, traballaremos serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, etc.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.

Comunicación lingüística

Esta área contribúe á adquisición da competencia lingüística na medida en que favorece a comprensión e a expresión oral e escrita a promover o coñecemento e a utilización do vocabulario específico referido á expresión artística e ao explorar diferentes canles de comunicación.

Os descritores que priorizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresar oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra e escoita atenta ao interlocutor.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital

Dentro da área aparecen contidos que fan referencia ao ámbito audiovisual e multimedia, dando especial importancia ao uso de ferramentas tecnolóxicas para a creación de producións audiovisuais.

Para iso, nesta área traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual contribúe, especialmente, a adquirir a competencia artística e cultural, xa que pon a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e dos recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e, dende o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas.

Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e ése capaz de expresarse a través da imaxe.

Polo que nesta área traballaremos os seguintes descritores:

- Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta área é unha boa ferramenta para potenciar a competencia social e cívica, na medida en que as producións artísticas se poden formular co traballo en equipo, sendo unha oportunidade para fomentar a cooperación, o respecto, a tolerancia, etc. Por outra banda, o fomento da creatividade na aula leva a valorar diversos enfoques e formulacións.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta área colabora en boa medida na adquisición do sentido de iniciativa e espírito emprendedor, xa que en todo proceso de creación hai que converter unha idea nun produto; e para iso hanse de desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e de avaliación de resultados.

Este proceso sitúa o alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de xeito autónomo.

Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor.

Os descritores que adestraremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupales a intereses persoais.
- Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades dende coñecementos previos do tema.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Atopar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.

Aprender a aprender

Esta materia contribuirá á competencia para aprender a aprender na medida en que favoreza a reflexión sobre os procesos e a propia experimentación creativa, xa que esta implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

Os descritores que adestraremos son:

- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

3.3. PERFIL DA COMPETENCIA DE CONCIENCIA Y EXPRESIONES CULTURALES

A integración das competencias clave no presente currículo permite identificar as aprendizaxes imprescindibles e posibilita a realización de propostas concretas sobre as ensinanzas, que se consideran esenciais.

A competencia que vertebra os obxectivos desta materia é a competencia en conciencia e expresións culturais que implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, con unha actitude aberta e respectuosa, ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizándoas como fonte de enriquecemento e disfrute persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

A competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido a propia capacidade estética e creadora e ademais ao dominio de aquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizarlas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuir á conservación de patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras.

Nesta etapa ponse a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a ollar, ver, observar e percibir, e a partir do coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Asemade, aprende expresarse a través da imaxe.

Basándonos nas devanditas descrições desenvólvese a continuación o perfil desta competencia a través das destrezas fundamentais:

1. Saber.
2. Saber ver.
3. Saber facer.
4. Saber ser.

PERFIL DE COMPETENCIA CCEC		
DESTREZAS	CONCRECCIÓN DAS DESTREZAS	ESTÁNDARES
SABER	<p>Adquirir os coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herencia cultural (patrimonio cultural, histórico-artístico, literario, filosófico, tecnolóxico, medioambiental, etc.).</p> <p>Coñecer e comprender os aspectos conceptuais referidos a materiais, técnicas, procedementos e elementos de expresión audiovisuais y gráfico-plásticos tanto en proceso bidimensionales como tridimensionales.</p> <p>Coñecer entender a concreción da</p>	<p>EPVAB1.1.1.</p> <p>Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.</p> <p>EPVAB1.2.3. (Elementos de expresión)</p> <p>Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do</p>

	<p>cultura en diferentes autores e obras, así como nos diferentes xéneros e estilos, tanto das belas artes (pintura, escultura, arquitectura, cine, fotografía, etc) como de outras manifestacións artístico-culturales da vida cotiá.</p>	<p>lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.</p>
SABER VER	<p>Acadar os coñecementos visuais e conceptuais para comprender a percepción visual como a primeira aproximación á obra plástica percibida pola visión natural.</p> <p>Interiorizar os procesos de análise que intervienen na percepción, tales como proporcións, texturas, formas o cores.</p> <p>Saber ver para comprender para educar la percepción, sendo capaz de evaluar la información visual que se recibe basándose en una comprensión estética que permita llegar a conclusións persoais de aceptación o rechazo según a propia escala de valores e, ademais, poder emocionarse a través da inmediatez da percepción sensorial para analizar despois á realidade, tanto natural como social, de maneira obxectiva, razoada e crítica.</p>	<p>EPVAB1.4.3. (Módulos e deseño)</p> <p>Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.</p> <p>EPVAB1.4.4. (Debuxo do natural)</p> <p>Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.</p> <p>EPVAB1.7.3. (Cor)</p> <p>Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando</p>
SABER FACER	<p>Aplicar a través de procedimientos artísticos y técnicos diferentes habilidades de pensamiento, perceptivas, comunicativas, imaxinativas, de sensibilidad e sentido estético.</p>	

	<p>Incorporar de forma práctica os coñecementos conceptuais, o manexo das principais técnicas, materiais e recursos visuais e audiovisuais dos diferentes linguaxes artísticas, técnicos e formas de expresión cultural, asemade no desenvolvemento de proxectos.</p> <p>Ser capaz de empregar distintos materiais, técnicas e procedementos visuais e audiovisuais na creación de obras e deseños propios realizando producións que supoñan recreación, innovación e transformación en diferentes ámbitos.</p>	<p>as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</p> <p>EPVAB3.10.1. (Thales)</p> <p>Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.</p> <p>EPVAB3.12.1. (Triángulos)</p> <p>Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.</p>
<p>SABER SER</p>	<p>Valorar a liberdade de expresión. Ter interés, aprecio, respecto, disfrute e valoración crítica das obras artísticas e culturais.</p> <p>Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos a través de códigos artísticos. Implica o fomento de habilidades que permitan reelaborar ideas e sentimentos propios e axenos e exige desenvolver o autoconhecimento e a autoestima, así como a capacidade de resolución de problemas e asunción de riscos.</p> <p>Dispor de habilidades de cooperación e ter conciencia da importancia de apoiar e apreciar as contribucións axenas. Tamén, supón mostrar interese por participar na vida cultural e, por tanto, por comunicar e compartir coñecementos, emocións e sentimentos a partir de expresións</p>	<p>EPVAB3.16.1. (Cuadriláteros)</p> <p>Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.</p> <p>EPVAB3.18.1. (Identificación de polígonos)</p> <p>Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</p>

artísticas.

Desenvolver a capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias, partindo da identificación do potencial artístico persoal (aptitud/talento). Refírese tamén á capacidade de percibir, comprender e enriquecerse coas producións do mundo da arte e da cultura.

4. EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 4º ESO

4.1. TÁBOA: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 2º ciclo de ESO, 4º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Expresión plástica				
UNIDADES 4. Expresión Plástica. Técnicas e materiais.				
b c e g n	<p>B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas.</p> <p>Experimentación con diversos materiais.</p> <p>B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.</p> <p>B1.7. Iniciativa, creatividade e</p>	<p>B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.</p>	<p>EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.</p>	<p>CCEC</p> <p>CSIEE</p>

	autoesixencia no proceso de produción propio.			
			EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CCEC CSIEE CAA CD
b c e g n	B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.	B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.	EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	b c e g n

UNIDADE 5. A composición.

<p>a c d e h</p>	<p>B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.</p> <p>O Gravado.</p>	<p>B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.</p>	<p>EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.</p>	<p>CCEC</p>
<p>a d g n</p>	<p>B1.2. Leis da composición.</p> <p>B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.</p>	<p>B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de</p>	<p>EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.</p>	<p>CCEC</p>

		superación que supón o proceso creativo.	EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	CCEC
UNIDADE 6: Breve Historia del Arte. Introducción al Arte Contemporáneo.				
d f l n	<p>B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.</p> <p>B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.</p>	B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.	EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.	
			EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	
Bloque 2. Debuxo técnico				

UNIDADE 1. Debuxo técnico				
b f g n o	B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.	B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.	EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	CAA CMCCT
	B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.		EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	CAA CMCCT
	B2.3. Tanxencias e enlaces.		EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	CAA CMCCT
	B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.		EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicación á creación de deseños persoais.	CAA CMCCT
UNIDADE 3. Espazo e volume. Sistemas de representación				
b f g	B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.	B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade	EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	CAA CMCCT
	B2.6. Trazado, medidas e posición			

o	correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.	do debuxo de represent	EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	CAA CMCCT
	B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas.		EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	CAA CMCCT
	Rotulaxe. Escalas. B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. B2.9. Perspectiva cónica central. B2.10. Perspectiva cónica oblicua. B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.		EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	CAA CMCCT
Bloque 3. Fundamentos do deseño				
UNIDADE 2. Deseño				
a c	B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade,	B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as	EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación	CSIEE CCEC

d	etc.).	formas do seu ámbito cultural,	visual.	
f	B3. 2. Fases do proceso de deseño.	con sensibilidade cara ás súas	EPVAB3.1.2. Observa e analiza os	CCEC
h	B3.3. Análise da estética e a	calidades plásticas, estéticas e	obxectos do contorno na súa vertente	
l	funcionalidade do deseño industrial	funcionais, e apreciando o	estética, de funcionalidade e de	
	de obxectos.	proceso de creación artística, en	utilidade, utilizando a linguaxe visual	
	B3.4. Análise da estética e	obras propias e alleas, e	e verbal.	
	funcionalidade do feísmo	distinguir e valorar as súas		
	arquitectónico.	fases.		
c	B3.5. Campos de aplicación do	B3.2. Identificar os elementos	EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica	CSIEE
	deseño.	que forman a estrutura da	obxectos en función da familia ou a	
		linguaxe do deseño.	rama do deseño.	
b	B3.6. Deseño de composicións	B3.3. Realizar composicións	EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos	CSIEE
e	modulares utilizando trazados	creativas que evidencien as	de deseño e composicións modulares	CCEC
f	xeométricos.	calidades técnicas e expresivas	utilizando as formas xeométricas	
i	B3.7. Compoñentes da imaxe	da linguaxe do deseño	básicas, estudando a organización do	
	corporativa: nome, cor, tipografía,	adaptándoas ás áreas, e	plano e do espazo.	
	logotipo, deseño, etc.	valorando o traballo en equipo	EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as	CSIEE
	B3.8. Secuenciación e elaboración	para a creación de ideas	fases de realización da imaxe	CCEC
	de proxectos creativos adaptados ás	orixinais.	corporativa dunha empresa.	
	áreas do deseño.		EPVAB3.3.3. Realiza composicións	CSIEE

	B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. B3.10. Planificación dun proxecto artístico.		creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	CCEC
			EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	CD CSIEE CCEC
			EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.	CSIEE CCEC
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia				
UNIDADE 7. A fotografía				
e l	B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías.	B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas	EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	CD CSIEE

	B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.	finalidades		CCEC
			EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	CD CSIEE CCEC
UNIDADE 8. Cine e animación				
a h n ñ	B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.	B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.	EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	CD CSIEE CCEC
	B4.2. Realización dun storyboard.		EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	CSIEE
e l	B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.	B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades	EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	CD CSIEE
UNIDADE 9. A publicidade				

a e f g	B4.6. Creación dixital de imaxes.	B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.	EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	CD CSIEE CCEC
	B4.7. Deseño dun proxecto publicitario.		EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	CD CSIEE CCEC
	B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.		EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	CAA CD CSIEE CCEC
a c d f h n o	B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.	B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.	EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	CD CSIEE CCEC

4.2. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

1ª avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Temporalización	
	UD	Contidos	Mes	Sesiós
		BLOQUE 2: DEBUXO TÉCNICO		
1		B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.	Set. Out.	13
		B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.		
		B2.3. Tanxencias e enlaces.		
		B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.		
2		BLOQUE 3: FUNDAMENTOS DO DESEÑO	Nov.	6
		B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).		
		B3. 2. Fases do proceso de deseño.		
		B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.		

	B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.		
	B3.5. Campos de aplicación do deseño.		
	B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.		
	B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.		
	B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.		
	B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño.		
	B3.10. Planificación dun proxecto artístico.		
3	BLOQUE 2: DEBUXO TÉCNICO		
	B2.7. Rotulaxe. Escalas.		
	B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.		
	B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.	Nov Dec.	10
	B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.		
	B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe.		

	Escalas.		
	B2.9. Perspectiva cónica central.		
	B2.10. Perspectiva cónica oblicua.		
	B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.		

2ª avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS		Temporalización	
	UD	Contidos	Mes	Sesións
		BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA		
4		B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.	Xan	9
		B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.		
		B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.		

	B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).		
	B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.		
1. Realizar trazados xeométricos no plano coñecendo os seus fundamentos teóricos.
2. Saber aplicar ditos trazados á realización de traballos máis complexos.
3. Usar correctamente o compás, a escuadra e o cartabón, a regra e o lápiz.
4. Coñecer os distintos ángulos na circunferencia e saber relacionalos entre sí.

CONTIDOS

1. A circunferencia. Elementos

1.1. Relación entre os ángulos e a circunferencia: Ángulo central, inscrito, semiinscrito, interior, exterior e circunscrito.

1.2. Arco capaz.

2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións.

3. Rectificacións.

3.1. Rectificación dun arco, dunha semicircunferencia e dunha circunferencia.

4. Construcción de figuras planas equivalentes.

a) Triángulo equivalente a outro.

b) División dun triángulo en varias partes equivalentes.

c) Polígono equivalente a outro cun lado menos.

d) Triángulo equivalente a un cadrado.

e) Triángulo equivalente a un pentágono

f) Triángulo equivalente a un hexágono regular.

g) Rectángulo equivalente a un triángulo.

h) Cadrado equivalente a un rectángulo.

i) Cadrado equivalente a un pentágono regular.

j) Cadrado que tenga por área o dobre, triple, cuádruple, etc. que outro dado.

k) Cadrado que tenga por área a suma de outros dous.

l) Cadrado equivalente a un círculo

m) Círculo que tenga por área o dobre, triple, cuádruple, etc. que outro dado.

n) Círculo que tenga por área a suma de outros dous.

5. Potencia. Concepto.

5.3. Eixe radical de dous circunferencias

5.4. Centro radical de tres circunferencias.

6. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos.	CSIEE
Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións.	CAA CMCCT
Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.	CCL
Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.	CMCCT

UNIDADE 2. TANXENCIAS

OBXECTIVOS

1. Coñecer e comprender os fundamentos das construcións básicas de tanxencias entre rectas e circunferencias, e entre circunferencias.
2. Saber aplicar os diferentes procedementos gráficos para resolver cada caso.
3. Analizar e ordenar todos os casos de tanxencias estudados para aplicacións, non só de forma aislada senón insertados na definición dunha forma.

4. Realizar con corrección os enlaces, aplicando os casos de tanxencia correspondentes.

CONTIDOS

1. Resolución de tanxencias sen coñecer o raio.

1.1.1. Propiedades das tanxencias.

1.1.2. Circunferencia que pasa por tres puntos (ppp).

1.1.3. Circunferencias tanxentes a tres rectas (rrr)

- 1.1.4. Circunferencias de igual radio, tanxentes entre sí e tanxentes aos lados dun triángulo equilátero.

2. Resolución de tanxencias por potencia.

2.1. Circunferencias tanxentes a unha recta e que pase por dous puntos (ppr)

2.2. Circunferencias que pasan por un punto y son tanxentes a dúas rectas (prp)

2.3. Circunferencias tanxentes a unha circunferencia e que pasen por dous puntos. (ppc)

2.4. Circunferencias tanxentes a unha recta e unha circunferencia dado o punto de tanxencia na recta (cpr)

2.5. Circunferencias tanxentes a dúas circunferencias dado el punto de tanxencia nunha delas (ccp)

2.6. Circunferencias tanxentes a unha recta e unha circunferencia dado o punto de tanxencia na circunferencia (rcp)

3. Inversión

Consideracións xeométricas. Inversión do punto, recta e circunferencia.

Resolución de tanxencias por inversión:

3.1. Circunferencias tanxentes a dúas circunferencias y que pasen por un punto exterior a ambas (ccp)

3.2. Circunferencias tanxentes a una circunferencia y a una recta y que pasen por un punto exterior a ambas (crp).

4. Resolución de tanxencias por dilatacións.

4.1. Circunferencias tanxentes a dúas rectas y a unha circunferencia (rrc)

4.2. Circunferencias tanxentes a tres circunferencias (ccc).

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIA S
Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando o concepto de potencia .	CMCCT
Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. Aplica a inversión na resolución de problemas de tanxencias que non poden ser resoltos por potencia. E asimesmo coas dilatacións.	CMCCT

UNIDADE 3. CURVAS CÓNICAS

OBXECTIVOS

1. Coñecer e comprender a natureza das curvas cónicas e cíclicas, diferenciando as distintas formas de xerarse.
2. Representar curvas cónicas, atendendo as suas propiedades e características.
3. Coñecer e aplicar as propiedades das curvas cónicas e a relación entre os diferentes elementos de definición, incluíndo as rectas tanxentes e secantes.
4. Trazar curvas cíclicas atendendo as suas propiedades e elementos.

CONTIDOS

Curvas cónicas. Orixe, definición e elementos principais.

1. ELIPSE

1.1. Trazado. Métodos:

1.1.1. Dados os eixes, por puntos

1.1.2.Por afinidade. Dados os eixes e unha parella de diámetros conxugados.

1.1.3.Por tira de papel

1.1.4.Por feixes de rectas

1.1.5.Método do xardinero

1.1.6.Dados os diámetros conxugados determinar os eixes da elipse.

1.2. Rectas tanxentes a unha elipse:

1.2.1.Por un punto da elipse

1.2.2.Por un punto exterior

1.2.3.Paralelas a unha dirección dada

1.3. Intersección dunha recta cunha elipse

2. HIPÉRBOLA

2.1. Trazado:

2.1.1.Dados o eixe real e os focos

2.1.2.Dados os focos e un punto dela.

2.1.3.Feixe de rectas

2.1.4.Por envolventes

2.2. Rectas tanxentes a unha hipérbola :

2.2.1. Por un punto da hipérbola

2.2.2.Por un punto exterior

2.2.3.Paralelas a unha dirección dada

2.3. Intersección dunha recta cunha hipérbola

3. PARÁBOLA

3.1. Trazado:

3.1.1.Dados os eixes

3.1.2.Feixe de rectas

3.1.3.Como envolvente

3.2. Rectas tanxentes a unha parábola:

3.2.1. Por un punto da parábola

3.2.2. Por un punto exterior

3.2.3. Paralelas a unha dirección dada

3.3. Intersección dunha recta cunha parábola

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
Debuxa curvas e cónicas e identifica os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.	CMCCT CAA
Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.	CCL
Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.	CAA CMCCT
Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.	CSIEE CMCCT

UNIDADE 4. CURVAS TÉCNICAS

CURVAS CÍCLICAS:

- Cicloide
- Epicloide

- Hipocicloide
- Evolvente da circunferencia

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
Debuxa curvas cíclicas os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.	CMCCT CAA

UNIDADE 5. TRANSFORMACIÓNS XEOMÉTRICAS

OBXECTIVOS

1. Construír e debuxar figuras xeométricas planas que teñan a mesma superficie que outras.
2. Coñecer as relacións das transformacións con a xeometría descritiva que se estudiará máis adiante.
3. Realizar transformacións no plano, tales como homoloxías e afinidades.
4. Aplicar ditas transformacións a outros tipos de problemas.

CONTIDOS

1. Homoloxía.

- Definición. Determinación dos seus elementos. Rectas límite
- Punto homólogo doutro dado
- Construcción de figuras homólogas
- Homoloxía de figuras planas e circunferencias.

2. Afinidade.

- Definición. Determinación dos seus elementos.
- Trazado de figuras afíns.
- Construcción da elipse afín a unha circunferencia.

3. Inversión * (Xa está explicada no tema de tanxencias)

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións	CCL
Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.	CAA
Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.	CSIEE
Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.	CMCCT

BLOQUE 2. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN

UNIDADE 6. SISTEMA DIÉDRICO

OBXECTIVOS

1. Entender a necesidade e a importancia do sistema diédrico.
2. Coñecer o fundamento teórico do sistema diédrico.
3. Empregar o sistema diédrico para resolver problemas de interseccións, paralelismo, perpendicularidade e distancias entre puntos, a recta e o plano.
4. Empregar a terceira proxección na resolución de problemas.
5. Coñecer e comprender en sistema diédrico os métodos que usa a xeometría

descriptiva, como os abatements, os cambios de plano e os xiros.

6. Coñecer métodos como os abatimientos, os cambios de plano e os xiros, para representar en diédrico figuras planas.
7. Comprender e empregar o sistema diédrico para resolver problemas xeométricos no espazo entre puntos, rectas e planos
8. Representar as superficies radiadas no plano.
9. Resolver problemas xeométricos no espazo de pirámides, conos, prismas e cilindros, e as súas seccións planas e respectivos desenvolvementos.
10. Representar os poliedros regulares e resolver problemas xeométricos de poliedros regulares: proxeccións diédricas, alturas e seccións planas.

CONTIDOS

- Punto, recta e plano no sistema diédrico.
- Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.
- Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas.
- Construción de figuras planas no sistema diédrico.
- **Abatemento** de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións.
- **Xiro** dun corpo xeométrico. Aplicacións.
- **Cambios de plano**. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións.
- Afinidade entre proxeccións.
- Problema inverso ao abatemento.
- Corpos xeométricos no sistema diédrico.
- Representación de **poliedros regulares**. Posicións singulares.
- Determinación das súas seccións principais.
- Representación de prismas e pirámides
- Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas.
- Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos.
- Interseccións de rectas e planos con superficies xeométricas.

- Xiros, abatements ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.	CAA
Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.	CSIEE
Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.	CAA
Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.	CSIE
Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.	CMCCT CAA
Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as	CMCCT

súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.	
Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.	CMCCT
Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.	CAA

UNIDADE 7. SISTEMA AXONOMÉTRICO

OBXECTIVOS

1. Entender a necesidade e a importancia do sistema de representación axonométrico.
2. Coñecer e comprender os fundamentos prácticos dos sistemas axonométricos e a súa relación co sistema diédrico.
3. Empregar o sistema axonométrico para representar figuras tridimensionais no plano.
4. Comprender e usar o sistema axonométrico para resolver problemas xeométricos no espazo de abatements, figuras planas, sólidos e seccións.
5. Usar e comprender a perspectiva cabaleira para representar figuras tridimensionais no plano.

CONTIDOS

- Sistemas axonométricos ortogonais.
- Posición do triedro fundamental.
- Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema.
- Determinación de coeficientes de redución.
- Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes.
- Representación de figuras planas.

- Representación simplificada da circunferencia.
- Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.	CMCCT
Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.	CEC
Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.	CMMCT

BLOQUE 3. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE PROXECTOS

UNIDADE 8. PROXECTOS

OBXECTIVOS

1. Entender a necesidade e a importancia da linguaxe gráfica como medio de expresión universal.
2. Diferenciar os distintos tipos de proxectos e valorar a súa importancia día a día.
3. Realizar a presentación dun proxecto, concebido desde o seu planteamiento e planificación

CONTIDOS

- Elaboración de bosquexos, esbozos e planos.
- Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual.
- Proxecto: tipos e elementos.
- Planificación de proxectos.
- Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas.
- Elaboración das primeiras ideas.
- Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.
- Presentación de proxectos.
- Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.
- Debuxo de bosquexos a man alzada e esquemas.
- Elaboración de debuxos cotados.
- Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.	CSC
Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.	CMCCT
Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.	CCEC
Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispendo as vistas, os cortes e/ou as seccións	CCEC

necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.

11.2. TEMPORALIZACIÓN

	BLOQUE	CONTIDOS
1ªAVA	Xeometría e debuxo técnico	Trazados fundamentais e tanxencias
		Transformacións xeométricas Curvas cónicas e técnicas
2ªAVA	Sistemas de representación	Sistema diédrico (1ª parte)
		Sistema diédrico (2ª parte)
3ªAVA	Sistemas de representación e documentación gráfica de proxectos	Sistema axonométrico
		Documentación gráfica de proxectos

12. METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Unha vez explicados os contidos e analizados os prantexamentos xerais realizaranse os diversos exercicios prácticos marcados. A maior parte dos exercicios serán explicados paso a paso polo/a profesor/a na pizarra (na dixital ou na clásica) o alumnado os realizará na súa lámina. Se aclararán as dúbidas e dificultades que vaian xurdindo nese momento. En outras ocasións unha vez explicado o tema se lles proporán algúns exercicios que o alumnado terá que resolver por se mesmo, procurando de este modo un razoamento lóxico e esforzo persoal.

Como libro de texto recomendarase utilizar o da editorial SM:

- Dibujo Técnico 2º de Bachillerato de SM. ISBN: 978-84-675-8720-3

Se irán realizando todas as láminas propostas polo profesor.

Os contidos e unidades didácticas se irán expoñendo na clase utilizando diversos recursos:

- Explicacións paso a paso dos exercicios e contidos realizados polo/a profesor/a na pizarra.
- Proxeccións de imaxes, exercicios, gráficos, aplicación didácticas e enlaces de internet. Ademais durante as clases preguntárase ao alumnado para facer un seguimento do grao de asimilación dos contidos.

O alumnado contará con mesas de debuxo abatibles na aula onde se darán as clases de debuxo técnico.

MATERIAIS

- Láminas
- Carpeta para gardar as láminas.
- Papel 100grs liso DIN A4.
- Portafolios para gardar os apuntes. É importante manter os apuntes e os exercicios ordeados (numerados e gardados nunha carpeta).
- Portaminas 2H e HB ou lapis 2H ou 3H e HB.
- Goma: normal.
- Afialápis.
- Rotuladores Stabilo grosor 0,4
- Escuadro e cartabón, de canto recto (sin bisel) e sen medidas.
- Regra de 30cm.
- Compás
- Lima de uñas ou afialápis para a mina do compás.

13. AVALIACIÓN

13.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedementos de avaliación:

- Observación diaria e participación en clase.
- Preguntas orais.
- Corrección e avaliación dos traballos e láminas realizados en cada avaliación.
- Probas teórico-prácticas.
- Probas de recuperación.

13.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O aprobado tanto dunha avaliación coma do curso establécese, como mínimo, nun 5. Con nota inferior a 5 non se supera a materia.

A cualificación numérica de cada avaliación calcularase da seguinte maneira:

Exames: 80%

Láminas: 15%

Observación de aula: 5%

1. EXAMES: 80% .

En cada avaliación realizaranse varios exames.

O peso de cada un variará en función da cantidade de materia que abrangue cada exame, podendo incorporar algún contido anterior. Establécerase como ponderación de partida: Ex1: 50% + Ex2: 50%. De facerse tres quedarían repartidos da seguinte forma: Ex1: 30% + Ex2: 35% + Ex3: 35%. Se o profesorado quere cambiarla deberá avisar ao alumnado con anterioridade.

Será requisito indispensable para ser cualificado positivamente, que o alumno leve o **material básico necesario** para a realización de calquera das probas programadas. De non ser así non poderán facer o exame e a cualificación será 0.

Se o alumno/a falta a un exame, establecerase unha nova data para realizar a proba, sempre que a falta estea debidamente xustificada.

2. AS **LÁMINAS** ou exercicios entregados, corrixidos e puntuados será o **15%** da nota. O

peso de cada lámina pode variar en función da dificultade ou o tempo requirido para ser realizada.

As láminas deberán ir identificadas e numeradas, entregaranse no prazo marcado e corríxiranse devolvéndooas debidamente cualificadas. Non se recollerán as láminas fóra de prazo.

As láminas deberán ter uns mínimos de limpeza e precisión, non admitíndose como válidas as que teñan rozaduras, borrhanchos, enrugas, tipex, etc., ou que mostren signos evidentes de insuficiencia de coñecementos, de falta de destrezas ou dunha inadecuada utilización dos instrumentos de debuxo.

Débese coidar a boa presentación, limpeza, claridade e corrección nos trazados xeométricos.

Aplicaranse as normas de debuxo en canto á utilización de diversos tipos de liñas (grosos e durezas), rotulación, formatos , acotación, etc...

Ao final do primeiro curso o alumnado deberá presentar os apuntamentos e láminas encadernados.

3. OBSERVACIÓN E ANOTACIÓNS DIARIAS DO ALUMNADO: 5% da nota. Conforman este apartado os seguintes aspectos:

- Rigorosidade, regularidade e puntualidade na entrega de exercicios (As láminas débense presentar puntualmente no prazo marcado agás causas debidamente xustificadas).
- Seguimento da explicación na aula, participación activa na clase; poñendo interese nas actividades e contestando adecuadamente ás preguntas orais do profesor.
- Esfuerzo en superar as dificultades, solicitando axuda oportunamente cando sexa necesario.
- Ter os apuntamentos e os exercicios ordenados.
- Traer a clase o material necesario para a realización dos traballos.
- Respecto as normas de convivencia tanto co profesor como cos compañeiros.

13.3. MEDIDAS E ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Aqueles alumnos/as que teñan algunha avaliación suspensa poden recuperala de maneira trimestral. No caso de que o alumno/a se ausente, de forma xustificada, por un período prolongado e coincidente ou moi próximo as datas da avaliación, o alumnado será avaliado dos contidos que se impartiron ata que se produciu a ausencia. Avaliarase dos contidos pendentes nas datas de recuperación.

A recuperación consta dun único exame que comprende todos os temas tratados na avaliación. A nota de dito exame non modificará a nota da avaliación correspondente e soamente surtirá efectos no cómputo da nota global na avaliación ordinaria, como se indica de seguido.

A nota obtida no exame de recuperación fará media coa nota correspondente aos exames realizados no período ordinario ao que se lle sumarán as notas referidas as láminas, aplicándolle as porcentaxes establecidas no apartado da avaliación.

Se o alumno/a aproba o exame de recuperación aínda que a media da nota obtida cos exames ordinarios non acada o aprobado, a nota de dita proba será 5.

En cambio, se suspende tamén o exame de recuperación utilizarase a nota de maior valor para a media final na avaliación ordinaria.

13.4. AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

AVALIACIÓN ORDINARIA

A cualificación na avaliación ordinaria, será igual á media aritmética das tres avaliacións. Para calculala utilizarase a nota non redondeada de cada avaliación.

Antes da avaliación ordinaria, o alumnado coa materia suspensa (media das avaliacións parciais < 5) poderá presentarse a unha Proba Final de recuperación da materia de todo o curso. A nota final calcularase da seguinte maneira:

- Se a Nota da Proba final de recuperación é ≥ 5 :

NotaFinRecup = MAX (5, media aritmética entre Media Avals e Proba Final Recup. Curso)

- Se a Nota da Proba final de recuperación é < 5:
NotaFinRecup = MAX (Media Avals, media aritmética entre Media Avals e Proba Final Recup. Curso)

De obter unha cualificación inferior a 5 deberán presentarse á Proba Extraordinaria.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria deberá presentarse a un exame na data fixada desde a Consellería.

Neste caso examínase da materia de todo o curso. A nota desta convocatoria será a que obteña neste exame que se cualificará sobre 10 puntos.

É indispensable que o alumno leve o seu material básico necesario, de non ser así non poderá facer o exame e a cualificación será 0.

13.5. MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR FALTAS DE ASISTENCIA

O feito de que un alumno/a supere o 10% das horas lectivas da materia sen xustificar provocará a perda do dereito á realización das distintas probas parciais de cada unha das avaliacións e o alumnado pasará a ser avaliado a través dunha única proba por avaliación, a determinar e concretar polo departamento, previa entrega das láminas do trimestre.

A cualificación numérica calcularase da seguinte maneira:

Exame: 85%

Láminas: 15%

A nota final calcularase como a media aritmética das notas das tres avaliacións. Para calculala utilizarase a nota non redondeada de cada avaliación. De obter unha cualificación inferior a 5 deberán presentarse á Proba Extraordinaria.

A perda do dereito á realización das probas parciais de avaliación non implica a perda do dereito de asistencia ás clases.

O número máximo de faltas inxustificadas tendo en conta o número de semanas lectivas no curso escolar e o número de horas semanais da materia son: 13 en 1º de bacharelato e 12 en 2º.

14. DEBUXO ARTÍSTICO

14.1. INTRODUCCIÓN

CONTRIBUCIÓN DO D.A. AOS OBXECTIVOS DA ETAPA

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no concepto do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

A materia Debuxo Artístico achega coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico I estrutúrase en cinco bloques de contido: "O debuxo como ferramenta", "Liña e forma", "A composición e os seus fundamentos", "A luz: o claroscuro e a textura" e "A cor".

Debuxo Artístico II estrutúrase noutros cinco bloques de contido: "A forma: estudo e transformación", "A expresión da subxectividade", "Debuxo e perspectiva", "O corpo humano como modelo" e "O debuxo no proceso creativo".

14.2. CONTRIBUCIÓN DO D.A. AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As sete competencias clave, desenvolvidas na introdución ao presente deseño curricular, representan a dotación cultural mínima que todo cidadán debe adquirir. Desde o Debuxo Artístico, preténdese que os alumnos desenvolvan actitudes e valores e adquiran estratexias que favorezan a súa incorporación á vida adulta e lles sirvan como base dunha aprendizaxe ao longo da súa vida, contribuindo ao desenvolvemento de todas as competencias clave da seguinte maneira:

CCL Competencia en comunicación lingüística

A expresión plástica, do mesmo xeito que a comunicación lingüística, é un sistema de intercambio de información. Os contidos da materia inclúen buscar, recompilar e procesar información, ademais da utilización activa e efectiva dos elementos da comunicación visual e o uso dun vocabulario específico. O obxecto artístico permite pois, desenvolver habilidades para interpretar e comprender a realidade e expresar ideas, experiencias e emocións en diversos contextos e situacións de comunicación.

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Estas competencias cobran realidade no debuxo artístico xa que os elementos e razoamentos matemáticos son utilizados especialmente para representar e interpretar a realidade, estudando as propiedades, posicións e relacións dos obxectos, entre eles e no

espazo, a perspectiva dos mesmos e as súas representacións no plano, así como a transformación das formas a partir da interpretación da información visual que recibimos. O feito de representar e interpretar a realidade fai que o alumno aprenda a conservar e mellorar devandito medio tendo un achegamento responsable.

CD Competencia dixital

É obxectivo da materia como un recurso máis de expresión, a utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para aplicalas nas propias creacións. A decodificación e transferencia de producións visuais e gráficas, leva ao coñecemento das principais aplicacións informáticas e de actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades tecnolóxicas. Na era actual, a linguaxe da imaxe e o emprego dos elementos multimedia e de comunicación, envólvennos con multitude de mensaxes que nos involucran no artístico.

CAA Competencia de aprender a aprender

O obxectivo principal da materia é iniciar ao alumno na aprendizaxe dunha serie de habilidades, para que sexa capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis autónoma e conseguir unhas producións máis completas e persoais. O debuxo artístico pode servir como un instrumento de acción mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas ou mediante a observación do natural ou modelos estáticos. En definitiva, enriquece a vida persoal e social, porque se aprende non só individualmente senón tamén dos compañeiros xa que o alumno é consciente de como os demais aprenden.

CSC Competencias sociais e cívicas

Co debuxo artístico como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través do coñecemento das obras e manifestacións máis destacadas do patrimonio na Historia da arte, favorécese a comprensión da realidade histórica e social do mundo, a súa evolución, os seus logros e os seus problemas. Os contidos da materia permiten a comprensión crítica desa realidade e a obtención de distintas perspectivas da mesma. Deste xeito, ponse ao alumnado en contacto co patrimonio cultural e artístico, desenvolvendo un sentimento común de pertenza á sociedade na que vive. Feito que ademais favorece a capacidade de comunicarse de maneira construtiva, mostrando tolerancia e respecto cara ao traballo alleo, expresando e comprendendo puntos de vista diferentes e adquirindo un compromiso social con disposición para a comunicación intercultural.

CSIEE Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Con esta competencia favorécese a motivación. O debuxo artístico favorece o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor persoal dos alumnos, mediante a elección, planificación e xestión das técnicas, os recursos, os materiais e a súa organización con criterio propio e para uns fins concretos, así como a posibilidade de expresarse e comunicarse, recoñecendo e aproveitando as distintas posibilidades expresivas que leva o debuxo artístico a producións propias e alleas, sendo conscientes e asumindo os posibles erros e cambios que poidan producirse durante o proceso de execución dunha tarefa, corrixindo e chegando á transformación das ideas en actos, achegando distintas propostas e solucións gráfico- plásticas con iniciativa e determinación.

CCEC Competencia de conciencia e expresións culturais

O debuxo artístico relaciónase directamente coa competencia conciencia e expresión cultural. A materia adopta precisamente como obxecto de estudo, o feito artístico coa observación de obras, xéneros, estilos e artistas significativos relacionándoos coa sociedade na que se crean; do que leva implícito como linguaxe, os seus materiais, procedementos gráfico- plásticos e a súa terminoloxía para poder representar e expresarse con propiedade, atendendo a distintos graos de iconicidade segundo a intención comunicativa que se pretenda, tanto analítica como subxectiva; das habilidades de pensamento, perceptivas, de sensibilidade e de sentido estético; desenvolve a iniciativa, a imaxinación e a creatividade; enriquece as creacións persoais coas posibilidades expresivas que outorgan elementos como a cor, a luz, a textura, a liña, etc. e as súas combinacións; valora a liberdade de expresión e potencia a realización de producións artísticas compartidas ou persoais. Esta materia, facilita por tanto, o feito de expresarse e comunicarse, así como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Para o desenvolvemento e logro das competencias que os obxectivos xerais perseguen deséñase o currículo específico para cada un dos cursos previstos (regulándose a relación entre os devanditos obxectivos e competencias clave, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e os contidos), así como as medidas que posibilitan o seu posterior desenvolvemento e aplicación dentro do sistema educativo vixente.

15. DEBUXO ARTÍSTICO II

15.1. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE POR CADA UNIDADE.

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato				
Obxectivo	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 1. A forma. Estudo e transformación				
<ul style="list-style-type: none"> • b • i • m • n 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Percepción e descrición obxectiva da forma. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Desenvolve a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • b • i • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Modelo analítico e modelo sintético. • B1.3. Retentiva e memoria visual. <p>Consideracións</p>	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> • DA2.B1.1.2. Analiza configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CD
Bloque 2: A expresión da subxectividade				
<ul style="list-style-type: none"> • b • i • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva 	<ul style="list-style-type: none"> • DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CCEC

b i m n d	B2.2. Comportamento e interrelación das formas tridimensionais no espazo.	B2.2. Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.	DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para	CCL CCEC CAA
	B2.3. Valor expresivo da luz e da cor. B2.4. Ruptura da tradición figurativa e nacemento	B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica.	DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alle-	CCL

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato				
Obxectivo	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 3. Debuxo e perspectiva				
b i m n d	B3.1. Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo. B3.2. Representación da forma con fins expresivos	B3.1. Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e	DA2.B3.1.1. Comprende e	CSC
			DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un ele-	CSIEE CCEC
			DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou	CSIEE CCEC
Bloque 4. O corpo humano como modelo				

. b . i . m . n	. B4.1. Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade.	. B4.1. Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana.	. DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como	. CCEC
			. DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo	. CMCCT . CCEC
. b . i . m	. B4.2. Nacións básicas de anatomía artística. . B4.3. Estudo e representación do movemento da	. B4.2. Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade	. DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a com-	. CSIEE . CCEC
			. DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o	. CAA
. b . i . m . n	. B4.4. Antropometría. Relacións da figura humana co espazo gráfico-plásticos	. B4.3. Experimentar cos recursos gráfico-plásticos	. DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e	. CSIEE . CCEC

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato				
Obxectivo	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
	. Bloque 5. O debuxo no proceso creativo			
. b . i . m	. B5.1. Técnicas secas máis comúns e a súa aplicación no proceso creativo.	. B5.1. Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráfico-	. DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en proce-	. CD

b i m n d g	B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos.	B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC.	DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo	CSC
			DA2.B5.2.2. Demuestra creatividade e autonomía	CSIEE CCEC
			DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas	CMCCT CAA
			DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en	CCL
			DA2.B5.2.5. Utiliza con	CAA

15.2. TEMPORALIZACIÓN

PRIMEIRA AVALIACIÓN: A FORMA, ESTUDO E TRANSFORMACIÓN. DEBUXO E PERSPECTIVA (Bloques 1 e 3)

- Percepción e descrición obxectiva da forma.
- Retentiva e memoria visual.
- Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo.

SEGUNDA AVALIACIÓN: O CORPO HUMANO COMO MODELO (Bloque 4)

- Proporcionalidade, anatomía artística, movemento, antropometría e relacións co espazo.
- Técnicas secas máis comúns; introdución ás técnicas húmidas e emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos.

TERCEIRA AVALIACIÓN: A EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE (Bloque 2)

- Composición, claroscuro e cor utilizados para a propia creación, partindo da memoria e a retentiva visual.

O Bloque 5: “O debuxo no proceso creativo”, será transversal.

15.3. CONCRECIÓN DO GRADO MÍNIMO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Utilizar adecuadamente a terminoloxía específica da materia (materiais, técnicas...).
2. Utilizar correctamente os procedementos e materiais propostos de forma que se adecúen ao resultado desexado.
3. Ser capaz de representar formas de maneira esquemática, remarcando a súa estrutura e proporcións, a partir da observación da realidade ou da arte.
4. Poder representar volumes e espazos mediante perspectiva, con axuda da fotografía.
5. Representar obxectos tridimensionais e figura humana usando técnicas de claroscuro (lapis, carbón, augada) e mediante o uso da cor.
6. Organizar o espazo visual con esquemas compositivos sinxelos que respondan á intención expresiva pedida ou buscada.
7. Aplicar a teoría da cor con propósitos expresivos.

8. Organizar correctamente as diferentes fases dun traballo creativo, dende a busca de información ata o produto final.
9. Analizar obras de arte desde calquera aspecto dos contemplados nos contidos mínimos (forma, perspectiva, claroscuro, luz, composición)
10. Interiorizar mínima e claramente unha liña do tempo que relacione os diferentes estilos artísticos e os principais autores, con especial atención á arte galega e as vangardas artísticas.

16. METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

ORIENTACIÓN DIDÁCTICA.

A materia de Debuxo Artístico pretende, como obxectivo principal, o USO DO DEBUXO COMO LINGUAXE GRÁFICA INTELECTUALIZADA que permite ó ser humano canalizar e transmitir mensaxes de moi diversa natureza e contido, favorecendo e desenvolvendo a sensibilidade persoal a través da expresión artística.

A relación entre os contidos *conceptuais*, *procedementais* e *actitudinais* desta materia marca unha LIÑA METODOLÓXICA ACTIVA, PARTICIPATIVA E INVESTIGADORA, que desenvolve no alumnado as súas capacidades expresivas e comunicativas a través do emprego e utilización dos recursos do debuxo:

- Metodoloxía activa: o alumnado accede aos coñecementos mediante unha experiencia persoal.
- Metodoloxía participativa: o alumnado participa na decisión relativa ao establecemento dos tempos e os prazos para a realización dalgunha das actividades propostas e, nalgúns dos casos, tamén no establecemento do seu nivel de dificultade.
- Metodoloxía investigadora: poténciase no alumnado a observación e a experimentación reflexiva como base de acceso á consecución de coñecementos e destrezas, facendo uso de criterios analíticos para extraer conclusións sobre o aprendido. Propónse como estratexia didáctica unha evolución progresiva no proceso de realización das actividades, de modo que permita ao alumnado, autónomamente, descubrir os resultados dos coñecementos atopados coa práctica investigadora, reflexionando e analizando cada unha das actividades.

É fundamental a discusión (seguimento) profesor-alumno (pero tamén alumno-alumno) das

solucións aos problemas plantexados como actividade ao longo de todo o seu desenvolvemento. O traballo realizado polo alumno na aula baixo a supervisión directa do profesor é primordial no proceso de ensinanza e aprendizaxe da materia, así como, polo tanto, a súa asistencia a clase.

O obxectivo metodolóxico principal será o fomento e motivación da AUTOEXPRESIÓN do alumno (cun maior peso en segundo curso) mediante o estímulo da súa creatividade e sensibilidade, por entender que as manifestacións artísticas xorden de maneira espontánea en todos os individuos como formas de expresión individual.

Tentarase poñer ao alcance de todos os alumnos distintos procedementos e técnicas de expresión, a fin de que este elixa os máis adecuados ás súas necesidades comunicativas e expresivas, posibilitando o exercicio da súa imaxinación e fantasía, todo iso nun medio ambiente propicio á labor de creación e permanentemente aberto a toda iniciativa.

Exercitarase o entendemento polo alumno do concepto de "arte" nas súas distintas vertentes, ampliando e enriquecendo o seu nivel conceptual e amosando o uso que os artistas deron aos elementos da súa linguaxe ao longo da historia.

Rexeitarase o exercicio da copia, posto que non contribúe a fomentar a capacidade creadora do alumno nin o entusiasmo que esta xera.

Procurarase que a ensinanza sexa significativa, baseada en situacións e problemas reais e próximos ao alumno, para así acrecentar a súa motivación persoal.

As ACTIVIDADES propostas no desenvolvemento de cada unidade temática formarán un todo co núcleo do tema, e serán as seguintes:

- Actividades de adquisición dos coñecementos básicos (enriquecemento conceptual) que permitan o desenvolvemento do traballo persoal de forma organizada e construtiva, facendo fincapé no sentido práctico dos coñecementos e afastándonos do verbalismo e da abstracción innecesarios. Á exposición do profesor seguiralle unha fase de debate para aclaración, afirmación e desenvolvemento de ideas polo alumno, que se considera fundamental nos seus procesos de aprendizaxe.
- Actividades de observación e análise, en especial da obra realizada por grandes artistas e deseñadores, como medio para o estímulo da propia capacidade de avaliación estética e de creación do alumno.
- Actividades de comprensión e investigación, que lle permitan ao alumno desenvolver persoalmente os coñecementos adquiridos no estudo do tema.

- Actividades de expresión gráfica e plástica, onde o alumno poña a proba a súa implicación e iniciativa no tema proposto.

Haberá un predominio no tempo dos exercicios de carácter práctico, unha vez que o alumno se atope en posesión dos conceptos necesarios para realizar o seu traballo de forma organizada e construtiva.

A organización proposta persegue un desenvolvemento da materia rigoroso, coherente, progresivo, flexible e de fácil asimilación.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Non se emprega un libro de texto oficial.

Sempre que sexa posible dinamizárase o contido teórico da materia mediante MATERIAIS DE APOIO, xa sexan estes fotografías, animacións, vídeos, ilustracións, planos, etc..

O material que detállase a continuación é necesario e obrigatorio para todos os alumnos que cursen esta materia:

- Cartafol DIN A3
- Bloc de bosquejo A3 (100 hojas de 90 g/m²). Marcas: Canson, Fabriano...
- Cartafol de plástico tamaño folio
- Prendedores metálicos para suxeitar o debuxo á carpeta.
- Lapis de grafito de durezas 2H, HB e 3B
- Unha barra de carbón de grosor medio (grosor 7-9)
- Goma branda
- Afialapis (que poida afiar o lapis carbón)
- Un pano de algodón

Durante o curso serán solicitados pola profesora outros materiais en función do traballo a desenvolver e da disponibilidad do propio alumno e do centro (lapis de cores calidade tipo Faber-Castell (poden ser acuarelables) cores primarias, azul escuro e branco), papel de debuxo óptimo para técnicas secas e apto para técnicas húmidas, témperas...

17. AVALIACIÓN

17.1. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedementos de avaliación:

- Observación diaria e participación en clase.
- Preguntas orais
- Corrección e avaliación dos traballos e láminas realizados en cada avaliación.
- Probas teórico-prácticas (exames).
- Probas de recuperación

17.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O aprobado tanto dunha avaliación, coma do curso, establécese, como mínimo, nun 5. Con nota inferior a 5 non se supera a materia. A cualificación numérica de cada avaliación calcularase da seguinte maneira:

CADERNO PERSOAL: 90%

- Actividades de aula
- Actividades de campo

REXISTRO DA OBSERVACIÓN DIRECTA NA AULA: 10%

O profesor pode decidir facer en cada avaliación unha ou dúas probas teórico-prácticas de carácter máis específico que permitan reflectir de maneira máis global as capacidades adquiridas e, especialmente, a manifestación da súa autonomía e nivel de expresión persoal. Será requisito indispensable para ser cualificado positivamente, que o alumno leve o **material básico necesario** para a realización de calquera das probas programadas (de non ser así non poderán facer o exame e a cualificación será 0), así como superar os mínimos previstos para as mesmas. Neste caso o baremo que establece o valor porcentual a considerar para cada un dos instrumentos avaliados sería o seguinte:

CADERNO PERSOAL: 70%

- Actividades de aula
- Actividades de campo

REXISTRO DA OBSERVACIÓN DIRECTA NA AULA :10%

PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: 20%

Para aprobar cada unha das avaliacións, o/a alumno/a deberá presentar todos os traballos obrigatorios acadando os mínimos de cada traballo.

A avaliación do alumno realizarase de forma continua ao longo do curso, medindo en cada etapa (avaliación) o grao de adquisición e desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe avaliados traballados durante a mesma. Tamén a través do seu nivel de enriquecemento *conceptual*, o seu nivel de adquisición e manexo autónomo de novas capacidades, *procedementos* e técnicas de expresión e a súa *actitude* en clase, reflexo do seu interese, esforzo, dedicación e implicación, a través dos seguintes instrumentos:

1. **CADERNO PERSOAL.** Sendo esta unha materia de carácter eminentemente práctico, o alumno realizará un conxunto de actividades especificamente deseñadas polo profesor en relación aos temas a desenvolver. É imprescindible que os exercicios e traballos se entreguen dentro do prazo establecido, buscarase o consenso nas datas co alumnado e baixarse a nota se non se cumpren. Estas actividades serán de dous tipos:

Actividades de aula: Actividades pensadas para que o alumnado poida realizalas, agás imprevistos, na súa práctica totalidade no tempo de clase baixo supervisión directa do/a profesor/a.

Actividades de campo: Actividades pensadas para que o alumnado poida realizalas na súa casa, reforzando ou ampliando os contidos traballados na aula.

Proxectos posibles:

- Creación individual ou conxunta e produción de obras dende as inquietudes ou intereses propios do alumnado.
- Caderno de artista.
- Caderno de bosquejos.
- Experimentación a partir de técnicas vistas na aula.
- Participación en proxectos que poden encaixar en concursos segundo as súas bases.
- Participación dende a materia nas actividades do centro ou interdisciplinares a través de proxectos.
- Traballos escritos e orais de investigación e exposición.

O alumno deberá confeccionar coas actividades propostas e cos traballos complementarios que se desenvolvan ao longo do curso o seu “caderno persoal”. **A presentación polo alumno a través do seu “caderno persoal” da totalidade dos traballos obrigatorios será considerada como condición indispensable para acadar unha avaliación positiva no período correspondente;** a presentación dos traballos (posicionamento dos datos persoais, materiais a utilizar, numeración dos exercicios, etc.) deberá facerse seguindo as normas xerais fixadas a comezo de curso, e as particulares indicadas nas distintas actividades. O alumno deberá ter igualmente presentados os traballos e tarefas realizados mediante recursos informáticos (entregados nunha memoria usb ou a través da Aula Virtual ou Google Drive, segundo se solicite). Agás nos casos que contén con suficiente xustificación (enfermidade ou causa familiar grave), a falta ou non presentación destes traballos terá como consecuencia inmediata a avaliación negativa do alumno.

Ao final de curso, o alumno deberá entregar todos os seus traballos (aínda que xa foran cualificados no seu momento) recollidos nunha carpeta na orde solicitada polo profesor.

2. OBSERVACIÓN DIRECTA NA AULA. Conforman este apartado os seguintes aspectos:

- Asistencia regular a clase con puntualidade.
- Traer a clase o material necesario para a realización dos traballos.
- Regularidade e puntualidade na entrega de traballos (Os traballos débense presentar puntualmente no prazo marcado agás causas debidamente xustificadas).
- Seguimento da explicación na aula e participación activa, poñendo interese nas actividades.
- Coidado do material en traballos propios e alleos, mantendo a limpeza na clase.
- Respecto das normas de convivencia tanto co profesor como cos compañeiros.
- Boa actitude de cara ao traballo en grupo, colaborando activamente en todo o proceso.
- Esforzo en superar as dificultades, solicitando axuda oportunamente cando sexa necesario.

17.3. MEDIDAS E ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Aqueles alumnos/as que teñan algunha avaliación suspensa poden recuperala de maneira trimestral. A nota de recuperación non modificará a nota da avaliación correspondente e soamente surtirá efectos no cómputo da nota global na avaliación ordinaria.

Para cada unha das avaliacións previstas deseñaranse procesos de recuperación dos estándares de aprendizaxe avaliados contemplados no período, empregándose para a súa avaliación os seguintes **instrumentos** (ao que se lles aplicará o baremo exposto no apartado anterior):

- **CADERNO PERSOAL:** recuperación conceptual e procedimental dos exercicios e tarefas diarias realizadas na aula/casa nos que o alumno non alcanzou os obxectivos (estándares de aprendizaxe) previstos no período avaliado. A recuperación dos exercicios e tarefas (tanto os avaliados negativamente como aqueles que por motivos diversos non foron realizados polo alumno) será un requisito imprescindible para poder tomar en consideración a recuperación do período avaliado negativamente. En casos debidamente xustificadas, o profesor poderá determinar a realización de tarefas adaptadas ás necesidades e capacidades do alumno, tendo en conta os criterios expresados no apartado de medidas de atención á diversidade.
- **PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA** se o profesor o considera necesario: programación e realización dunha proba específica de recuperación (conceptual e procedimental) dos estándares de aprendizaxe establecidos pola presente programación para o período avaliado, co obxectivo de que se poida constatar que o alumno alcanzou de maneira satisfactoria alomenos os obxectivos mínimos. Será requisito indispensable para ser cualificado positivamente que o alumno leve o **material básico necesario** para a realización da proba (de non ser así non poderán facer o exame e a cualificación será 0), así como superar os mínimos previstos para a mesma.
- **OBSERVACIÓN DIRECTA NA AULA:** valoración da implicación do alumno no seu proceso de recuperación (a través de indicadores como a consulta de dúbidas, a realización de tarefas de reforzo...).

17.4. AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

AVALIACIÓN ORDINARIA

A cualificación na avaliación ordinaria será igual a media aritmética das tres avaliacións. Para calculala utilizarase a nota non redondeada de cada avaliación.

No caso de que a media aritmética das tres avaliacións sexa inferior a 5 deberán presentarse á Proba Extraordinaria.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Para superar a materia en convocatoria extraordinaria o alumno/a deberá realizar un exame práctico que constará dun ou dous exercicios baseados nos estándares de aprendizaxe.

Solicitaráselle previamente o material específico para a realización da proba e de non levalo non poderán facerlla e a cualificación será 0.

17.5. MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR FALTAS DE ASISTENCIA

O feito de que un alumno/a supere o 10% das horas lectivas da materia sen xustificar provocará a perda do dereito á realización das distintas probas parciais de cada unha das avaliacións (no caso desta materia a valoración a través do traballo práctico levado a cabo durante cada trimestre) e o alumnado pasará a ser avaliado a través dunha única proba por avaliación, a determinar e concretar polo departamento e a presentación dos exercicios de recuperación propostos polo profesor. Para ser avaliado positivamente, é imprescindible (non suficiente) que o alumno presente todos os exercicios de recuperación propostos polo profesor, debidamente ordenados e aténdose ao solicitado en cada proposta (formatos, técnicas, procedementos, presentación de fotos modelo...). A cualificación numérica calcularase da seguinte maneira:

Exame: 60%

Exercicios e traballos: 40%

A nota final calcularase como a media aritmética das notas das tres avaliacións. Para calculala utilizarase a nota non redondeada de cada avaliación. De obter unha cualificación inferior a 5 deberán presentarse á Proba Extraordinaria.

A perda do dereito á realización das probas parciais de avaliación non implica a perda do dereito de asistencia ás clases.

A perda do dereito á realización das probas parciais de avaliación non implica a perda do dereito de asistencia ás clases.

O número máximo de faltas inxustificadas tendo en conta o número de semanas lectivas no curso escolar e o número de horas semanais da materia son 10 en 1º de bacharelato e

9 en 2º.

18. PLANS DE SEGUIMENTO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA ESO E NO BACHARELATO

PLANS DE SEGUIMENTO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA ESO

Ao longo do curso, a xefa de departamento coa colaboración do titor, entregará aos alumnos coa materia pendente unha serie de exercicios de reforzo sobre os contidos do curso a superar coas instrucións necesarias. Terán que entregalos en dúas datas:

1ª entrega: en novembro

2ª entrega: en febreiro

O profesor estará dispoñible para resolver dúbidas cando sexa necesario.

Os alumnos de 2º ESO con Educación Plástica e Visual pendente de 1º ESO, superarán a materia se cumpren un dos puntos seguintes:

- entregar os exercicios de reforzo propostos polo Departamento no primeiro e segundo trimestre, dentro do prazo establecido
- aprobar un exame antes da 3ª avaliación parcial sobre os contidos mínimos de 1º ESO.

Os alumnos de 3º ESO con Educación Plástica e Visual pendente de 1º ESO superarán a materia se cumpren un dos puntos seguintes:

- aprobar a 1ª avaliación de 3º ESO
- entregar os exercicios de reforzo propostos polo Departamento no primeiro e segundo trimestre, dentro do prazo establecido
- aprobar un exame antes da 3ª avaliación parcial sobre os contidos mínimos de 1º ESO.

Os alumnos de 4º ESO con Educación Plástica e Visual pendente de 3º ESO, superarán a materia se cumpren un dos puntos seguintes:

- aprobar a 1ª avaliación de 4º ESO
- entregar os exercicios de reforzo propostos polo Departamento no primeiro e segundo

trimestre, dentro do prazo establecido

- aprobar un exame antes da 3ª avaliación parcial sobre os contidos mínimos de 3º ESO.

O alumnado que non recupere a materia de Educación Plástica de 1º ou 3º ESO deberá presentarse a una **Proba de recuperación** antes de finalizar o mes de xuño.

PLANS DE SEGUIMENTO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NO BACHARELATO

No caso dos alumnos de 2º BACH con cualificación INSUFICIENTE no curso de 1º na materia de Debuxo Técnico I, superarán a materia se cumpren un dos puntos seguintes:

- Aprobar as dúas primeiras avaliacións de Debuxo Técnico de 2ª de bacharelato. Neste caso a cualificación final será un 5.
- Seguir o proceso de recuperación da materia durante o curso descrito a continuación.

O proceso de recuperación efectuarase ao longo do presente curso académico mediante a celebración de **DÚAS PROBAS PARCIAIS** que permitan avaliar a recuperación por parte do alumno dos estándares de aprendizaxe correspondentes ao período avaliado, de xeito que se poida constatar que se acadou de maneira satisfactoria polo menos os obxectivos mínimos.

Cada unha destas probas abranguerá os contidos determinados polo Departamento e realizaranse nas datas determinadas no calendario oficial do IES de Soutomaior de probas para alumnos con materias pendentes. Tanto o **contido** como as **datas** das probas serán comunicados aos alumnos pendentes a comezo de curso, podendo ser consultados na páxina web do centro.

O alumno que supere de maneira globalmente positiva as dúas probas de recuperación, cunha media aritmética das notas das probas igual ou superior a 5, sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3 sobre 10, consideraráselle recuperada a materia, e como tal obterá a avaliación positiva correspondente. De non acadar avaliación global positiva, o alumno deberá presentarse a unha **PROBA FINAL** na que se terán en conta os contidos da avaliación ou avaliacións suspensas (aquelas cunha nota inferior a 5).

A nota será a que obteña en dita proba no caso de que tivese as dúas probas parciais suspensas; de examinarse só dunha parte, a nota será a media aritmética entre a nota obtida e a da parte xa aprobada.

Os alumnos suspensos na convocatoria ordinaria poderán presentarse a unha convocatoria extraordinaria na que se examinarán de toda a materia. A nota será a que obteña neste exame, que se cualificará sobre 10 puntos.

Por último os alumnos de 2º BACH con cualificación INSUFICIENTE no curso de 1º na materia de Debuxo Artístico I, terán unha proba que constará de dúas partes:

Exame práctico.

Realización dun debuxo do natural dunha composición proposta polo profesor. Material necesario (e obrigatorio): lapis HB e 3B, goma de borrar, afialapis e láminas de debuxo DIN A4.

Carpeta de traballos.

Entrega dun conxunto de exercicios de debuxo partindo do natural.

18.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A cualificación final obterase do seguinte xeito:

Os alumnos con Educación Plástica e Visual pendente de 1º ESO:

- No caso de recuperar a materia pendente aprobando a 1ª avaliación do curso superior, a cualificación será de 5.
- Se recupera a materia entregando os exercicios de reforzo propostos polo Departamento, na súa meirande parte correctos, a cualificación será de 5.
- De aprobaren o exame anterior á 3ª avaliación parcial, obterían a cualificación da proba escrita.

Os alumnos con Educación Plástica e Visual pendente de 3º ESO:

- No caso de recuperar a materia pendente aprobando a 1ª avaliación do 4º da ESO, a cualificación será de 5.
- Se recupera a materia entregando os exercicios de reforzo, na súa meirande parte correctos, a cualificación será de 5.
- De aprobaren o exame anterior á 3ª avaliación parcial, obterían a cualificación da proba escrita.

O alumnado que non recupere a materia de Educación Plástica de 1º ou 3º ESO deberá presentarse a una **Proba de recuperación** antes de finalizar o mes de xuño. Dita proba

valorada sobre 10 puntos, contará o 100% da cualificación final da materia pendente.

Alumnado con DT I pendente de 1º BACH.:

- No caso de recuperar a materia pendente aprobando a 1ª e a 2ª avaliación de 2º BACH., a cualificación será de 5.
- Se recupera a materia facendo as dúas probas parciais a cualificación será a obtida da seguinte maneira: 50% en cada unha das probas, sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3 sobre 10.
- De aprobaren o exame na convocatoria extraordinaria obterían a cualificación da proba escrita.

Alumnado con DA I pendente de 1º BACH.:

O alumno deberá superar as dúas partes da proba específica (exame e cartafol de traballos), que serán valoradas cada unha delas cun máximo de 10 puntos; para superar cada unha das probas o alumno deberá acadar, polo tanto, un mínimo de 5 puntos. A cualificación das probas específicas virá determinada un 60% polo cartafol de traballos e un 40% polo exame práctico. É condición necesaria, aínda que non suficiente, presentar todos os traballos para a superación da proba específica.

19. PROCEDIMENTOS DE ACREDITACIÓN DOS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR DEBUXO TÉCNICO II OU DEBUXO ARTÍSTICO II SEN TER CURSADO O CURSO PREVIO.

Será condición necesaria para acreditar coñecementos da materia demostrar que se adquiriron os coñecementos mínimos na asignatura mediante proba obxectiva. Esta estará baseada nos contidos mínimos da asignatura.

O alumnado fará unha proba ao principio de curso. Se non a aproba cun 5 a materia terá o mesmo tratamento dunha pendente; aspecto este tratado no punto anterior da programación.

A proba específica para o alumnado que non cursou DA I constará de dúas partes:

Exame práctico.

Realización dun debuxo do natural dunha composición proposta polo profesor. Material necesario (e obrigatorio): lapis HB e 3B, goma de borrar, afialapis e láminas de debuxo DIN

A4.

Cartafol de traballos.

Entrega dun conxunto de exercicios de debuxo partindo do natural.

20. PROGRAMA DE ATENCIÓN O ALUMNADO REPETIDOR

Para o alumnado repetidor coa materia de educación plástica suspensa, o/a profesor/a da materia seguirá un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

21. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En todos os grupos preséntanse diferentes necesidades educativas ás que hai que dar resposta, polo que haberá que ir facendo continuas adaptacións ás situacións existentes.

Aínda que a diversidade pode ser moi variada, fundamentalmente pódese reducir a dous grupos:

- Alumnos que non presentan dificultades na consecución dos obxectivos propostos e que poden seguir sen dificultade a marcha do curso. Neste caso poderase ofrecer todo o que o alumnado demande sen esquecer actividades de ampliación acordes co ritmo de traballo de cada alumno ou grupo e tendo en conta as súas características.
- Alumnos con problemas para conseguir os obxectivos propostos para a clase. Hai que ser consciente da dificultade que significa para algunhos alumnos a abstracción que supón a asimilación e aprendizaxe de conceptos espaciais, así como as habilidades necesarias para a realización de debuxos técnicos.

Se contemplan dous tipos de medidas:

Medidas ordinarias.

Consistirán en flexibilizar os obxectivos que pretendemos acadar o chegar por vías alternativas:

- Realizaremos actividades diferenciadoras para alumnos que estén realizando tarefas de reforzo (sobre todo en xeometría plana e trazados fundamentais).
- Adaptaremos a actividade facendo fincapé en contidos máis procedimentais o conceptuais según o tipo de alumno: realización dun collage, integración de debuxos

e fotografías...

- Realizaremos agrupamentos flexibles con alumnos con intereses e capacidades similares.

Medidas extraordinarias.

- Estas medidas haberá que desenvolverlas para cada alumno en concreto. Serían casos nos que os alumnos presentan deficiencias claras de tipo cognitivo ou psicomotriz, alumnos para os que o aspecto concepto-espacial e procedimental supón un gran impedimento. Por tanto, realizaremos tarefas adaptadas para acadar os obxectivos mínimos.

Como Educación Plástica e Visual non é unha materia instrumental, tratarase de facer só adaptacións non significativas.

En **Bacharelato** os grupos adoitan ser pequenos polo que o ensino será personalizado e adaptado ao nivel de cada alumno na medida do posible, variando a esixencia segundo as capacidades, pero respectando os mínimos esixibles. En calquera caso, teranse en conta as indicacións do departamento de Orientación para os alumnos con necesidades educativas especiais.

22. TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC

Como complemento ás clases e para realizar exercicios prácticos que resulten atractivos ao alumnado, recórrase aos recursos que Internet ofrécenos. En concreto, os máis utilizados nas clases do departamento de Artes Plásticas atópanse nas web seguintes:

www.educacionplastica.net

<http://contenidos.cnice.mec.es/plastica>

<http://azulturquesabitacoradeteresa.blogspot.com>

<http://blog.educastur.es/conkdeplastika/>

<https://espiralcromatica.wordpress.com>

<http://wwwedplasticamayalen.blogspot.com/p/enlaces-de-plastica.html>

<http://www.laslaminas.es/1-bach>

<http://jcuadra2.wixsite.com/cuadrado/dibujo-tnico>

Ademais destes recursos utilízase PowerPoint como soporte ás clases, vídeos demostrativos ou imaxes explicativas sobre calquera tema.

As TIC serán empregadas puntualmente, cando se poida acceder ás aulas de informática para que os alumnos tomen contacto co funcionamento dalgúns programas informáticos e sexan capaces de entender o ordenador como outra ferramenta de traballo e para conseguir plasmar unha idea. O uso dos ordenadores no centro será maior en cursos superiores como cuarto da ESO e bacharelato, traballando con programas tales como: Gimp para o tratamento da imaxe dixital e moviemaker para a edición de vídeos ou Geogebra o Sketchup en 1º de bacharelato en Debuxo Técnico.

Ademais procurarase potenciar o uso de ordenadores na casa para actividades didácticas, compartindo documentos, ligazóns e información relevante da materia en Drive, Edixgal ou na aula virtual cos alumnos. Isto supón un aforro de fotocopias e textos e abre unha serie de posibilidades de ampliación de contidos oaos alumnos que teñan interese nalgún aspecto en particular.

23. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O departamento colaborará con outros departamentos e co Equipo de normalización lingüística na realización de actividades nas que se promova a potenciación da lingua galega.

Así participaremos en conmemoracións do Centro (magosto, entroido, Letras galegas...), obradoiros con ilustradores o autores galegos de banda deseñada, saídas a exposicións de artistas galegos, etc.

A expresión oral e escrita e a comprensión oral trabállanse:

- Na exposición de traballos, momento no que o alumnado explica e defende o que fixo.
- Nas actividades plantexadas para colaborar co Plan Lector.
- En exercicios variados do tipo: describir un soño e logo debuxalo; facer ilustracións ou unha banda deseñada a partir dunha historia.
- Na redacción do proceso para resolver os exercicios de debuxo técnico nos cadernos dos alumnos.

24. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN LECTOR

O Departamento de Debuxo colaborará co Plan Lector adicando o número de clases que sexa preciso á “hora de lectura”, segundo o calendario establecido para este propósito.

As actividades ou iniciativas que se pretenden realizar neste curso para promover a lectura son:

- Elixir un poema e facer un caligrama.
- Ordenar viñetas e poñerlles texto.
- Describir unha imaxe, mentres o compañeiro a reproduce guiándose exclusivamente da descrición.
- Traballos de ampliación de coñecementos (busca en soporte bibliográfico, en prensa, en Internet...)
- Facer unha selección de textos breves, axeitados para cada nivel, para ser empregados tanto na lectura en voz alta coma individual.

25. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dende este departamento preténdese:

- Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
- Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia da aula de debuxo ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.
- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.
- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos/ as no centro.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

26. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores debe estar presente en todo proceso educativo, cooperando todas as áreas no seu tratamento, orientandoa súa presenza cara á educación de actitudes

positivas.

Desde esta materia atenderase transversalmente todos os temas que poden aportar uns contidos ou reflexións que formen ao noso alumnado como cidadanos responsables nunha sociedade democrática. Así, temas como a educación medioambiental, a educación para a paz, a interculturalidade ou a igualdade serán tratados nas distintas actividades realizadas na aulas da ESO e Bacharelato.

A súa vinculación coa materia pode relacionarse con:

- A valoración e o respecto cara ao traballo dos compañeiros e cara a outras manifestacións artísticas.
- Traballos colectivos nos que se busca o espírito cooperativo, o desenvolvemento das capacidades de relación interpersoal e a contribución á toma de conciencia do enriquecemento que se produce coas achegas dos compañeiros.
- **Actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas actualmente a través da publicidade e a utilización na mesma de formas e contidos que denotan unha discriminación sexual, social, o racial.**
- Análise crítica de valores estéticos na contorna e nas actitudes de respecto ao medio ambiente.

27. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Desde o Departamento de Debuxo propóñense as seguintes actividades complementarias e extraescolares:

- Saídas fóra do recinto escolar para debuxar do natural.
- Realización de visitas didácticas coincidindo con algunha das exposicións programadas polas distintas institucións, organismos culturais ou empresas da nosa contorna (concello, museos, fundacións...).
- Participación en concursos, organizados polo propio centro e/ou por institucións e organismos externos.
- Participación en actividades propostas polo concello de Soutomaior:
 - Concurso de postais de Nadal
 - Concurso verbas para comunicar
 - Proxecto Somos Artistas.

- Intervención no espazo do centro con motivo da celebración do 25 de novembro, procurando a implicación da comunidade educativa.
- Certame de esculturas de area no Grove.
- Exposicións de traballos propios (en colaboración ou non con outras materias e niveis), involucrando e comprometendo aos alumnos a colaborar en todo o proceso de organización (plantexamento, montaxe, desmontaxe e valoración de resultados).
- Outros: charlas, obradoiros...

O desenvolvemento de moitas destas e outras actividades dependerá en boa medida da dispoñibilidade económica do Departamento e das programacións anuais dos diversos axentes culturais da nosa contorna, así como do ritmo de desenvolvemento das programacións didácticas cos diferentes grupos (materias e niveis), polo cal a súa programación será concretada ao longo do curso.

28. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A programación do Departamento de Debuxo enténdese como unha proposta, aberta a modificacións segundo as necesidades que se presenten e sempre mellorable. Por isto, proporanse os cambios que se consideren oportunos segundo as dificultades atopadas.

Nas reunións de Departamento, que neste curso terán lugar os martes ás 18:15 h, un dos temas dos que se levantarán a acta será o estado de desenvolvemento da Programación e as incidencias atopa

29. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, así como a propia programación, empregarase os seguintes **indicadores de logro**:

Programación Indicadores de logro	Escala				Observacións: modificacións e propostas de mellora
	1	2	3	4	
Consulta a programación ao longo do curso?					
Teño en conta realmente a programación na miña actividade do día a día?					
A presente programación, resúltame útil á hora de planificar a actividade e traballo diario?					
Realizo anotacións e rexistros sistemáticos de como se está a desenvolver a programación?					
Fago cambios reais na programación en función do seguimento que realizo dela?					
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?					
Utilizo instrumentos claros para avaliar as competencias?					

Na programación, están contempladas as variables do contexto?					
Informo de xeito claro ao alumnado a principio de curso dos diversos aspectos da materia?					
Pido ao alumnado diferentes producións en funcións das súas características?					
Tanto nos exames como nos traballos, dou opcións de traballos máis fáciles e máis difíciles?					
Dou explicacións xerais adaptadas a distintos niveis?					
Propoño actividades con diferente nivel de execución en función de características do alumnado?					
Teño en conta a diversidade cando organizo diferentes agrupamentos en clase?					
O alumnado con NEAE, recibe axuda específica pola miña parte?					
Propoño actividades que contribúan á aprendizaxe autónoma?					
Dou instrucións claras á hora de realizar actividades e exercicios?					
Todas as actividades que realizo, teñen un obxectivo ben claro?					
Os deberes que mando para casa, son necesarios, útiles, suficientes, excesivos?					

Utilizo diversidade de exercicios e actividades para un mesmo estándar de aprendizaxe?					
Ao inicio da avaliación, UD, clase, o alumnado sabe o que vai facer, por que e para que?					
Utilizo diversidade de instrumentos para o rexistro da actividade e dos logros do alumnado?					
Utilizo diversidade de probas á hora de medir os logros e aprendizaxes do alumnado?					
Procuo escoitar ao alumnado e ter en conta a súa percepción de como se desenvolven as clases?					
Utilizo conscientemente estratexias de motivación do alumnado, teño en conta os seus intereses?					
As cualificacións, axústanse realmente ao traballado na clase e á porcentaxe de tempo adicado?					
Aplicáronse os procedementos e instrumentos de avaliación programados e axustáronse aos criterios de cualificación.					

Fixáronse e tivéronse en conta os graos mínimos de consecución de cada estándar para superar a materia?					
Fíxose un correcto seguimento do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores?					
Leváronse a cabo as actividades complementares e extraescolares programadas?					
Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?					
Procuo animar ao alumnado en momentos de crise, desmotivación, baixón...?					
Utilizo con criterio as medidas correctivas de diferente intensidade?					

Esta avaliación producirá, se fora preciso, modificacións na programación para o seguinte curso.

Arcade, 28 de setembro de 2022

Ana Aguiar Hormías

Xefa do Departamento